

EXPOSICIÓN

**ANDAR
CON ARTE**



XUNTA DE GALICIA

Edita e promove

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura e Turismo

Coordinan

Sinsalaudio
Tomos Conservación Restauración

Deseño

Laboratorio Numax

Imprime

Ezponda

Depósito legal

C 1217-2019

Coa colaboración dos concellos de

Ares, Moaña, Sober, Oia, Cervo, Padrón,
Parada de Sil, Castro Caldelas

www.cultura.gal

<http://monumentagalicia.com>

Monumenta, andar con arte é un programa de actividades culturais, organizadas pola Consellería de Cultura e Turismo, que se desenvolve ao redor da acción de camiñar e da experiencia da andaina como a mellor e a máis antiga das maneiras de explorar e de vivir o territorio.

Para esta nova edición, *Monumenta* concentra o seu foco de divulgación nos itinerarios culturais, aqueles camiños de ida e volta que facilitaron o transvasamento cultural e deixaron numerosas pegadas en todo o país. A metade das andainas do programa estarán dedicadas a estes feitos, sen esquecer outros elementos da paisaxe onde se materializaron esas influencias.

A **arquitectura indiana** é, talvez, o exemplo máis fascinante deste fenómeno, e a andaina pola fermosa vila mariñeira de Redes será unha viaxe á cultura da emigración. Outro exemplo, aínda que neste caso nun contexto social e artístico diferente, será a visita a Sargadelos onde falaremos da orixe do **Laboratorio de Formas** e, sobre todo, das figuras de Isaac Díaz Pardo e Luis Seoane. Por outra banda, a **botánica** escenifica unha paisaxe onde a trazabilidade da historia da emigración deixou o seu rexistro. Nesta ocasión, iremos ata os xardíns de Padrón, vila por onde pasa o máis importante itinerario cultural europeo, o Camiño de Santiago, que tamén será protagonista de dúas andainas dedicadas á **música** (Sober) e ao **cambio climático** (Oia).

Por último, outras temáticas habituais da programación serán: o **patrimonio industrial**, a **lingua galega**, a **literatura** e, por suposto, a propia acción de **camiñar**, que contará cunha andaina dedicada á historia do andar na literatura e no cinema mentres paseamos polos bosques da Ribeira Sacra.

Cada ano, *Monumenta* quere dar pequenos pasos na procura dunha experiencia máis integradora. Ademais de contarmos con música ambulante, a gran novidade deste ano é a divulgación dos sabores e olores da cociña local, que nos permitirán aproximarnos á riqueza cultural de Galicia.

Oito andainas transversais onde o patrimonio se analiza e se percibe cunha perspectiva circular, acompañados polo entusiasmo, a curiosidade e o compromiso de todas e todos os seguidores que participan en cada edición e fan posible este ciclo.



1. O legado cultural, social, educativo e botánico dos emigrantes indianos

**REDES, ARES,
A CORUÑA**
3 de agosto 10:30

9 PUNTO DE ENCONTRO

Praza do Pedregal, centro da vila de Redes. Hai un aparcadoiro gratuito a 150 metros na rúa de Abaixo. **Como chegar:** desde a AP9, tomar a saída 21F a Pontedeume e, uns metros máis adiante, o desvío a Cabanas. A continuación, a AC-202

cara a Ares/Mugardos e o desvío a Redes.

<https://goo.gl/maps/xj1oR1BxbPQEeqxy6A>

Q Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

A principios do século XX, mozas de mozos da península de Bezoucos emigraron a Cuba seguindo os pasos doutros familiares e veciños. Desde a Habana, construíron unha historia común entre a illa e Galicia, e deixaron un importante e valioso legado todavía visible no patrimonio arquitectónico e no tecido social e cultural. Boa proba é a vila de Redes, coa Agrupación Instrutiva de Caamouco, un centro que leva aberto máis de cen anos e que desenvolve ciclos de actividades relacionadas co patrimonio indiano e a emigración.

MONUMENTA DIVULGA

A vila de Redes é un acolledor porto que á súa tradición pesqueira lle engade o fabuloso legado da emigración. O núcleo e os seus arredores servirannos para comprender e interpretar ese tesouro nos eidos da arquitectura, a botánica e a educación, ao tempo que tentaremos descubrir as contornas onde se concentraron estas «paisaxes da emigración».



CAMIÑANTES CONVIDADOS

Juan López Bedoya, xeógrafo físico e divulgador científico.

Ernesto López Naveiras, presidente da Agrupación Instrutiva de Caamouco.



A ANDAINA

Hora de saída: 10:30

**Hora de regreso
estimada:** 14:00

Distancia: 3,5 km.

Dificultade: baixa.

Itinerario: andaina circular que, na primeira parte, se centrará na vila de Redes para, a continuación, percorrer outros edificios das parroquias.

Observacións: todo o paseo transcorre por rúas asfaltadas con tráfico local, sen zonas de sombra.

Necesidades específicas:

calzado cómodo, protector solar, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

Público destinatario: actividade axeitada para todos os públicos.

Inscripción previa: prazas limitadas a 80 persoas.

Imprescindible inscrición, do 15 de xullo ao 2 de agosto, no web: <http://monumentagalicia.com>. Admisión por orde de inscrición.

✉ julio.escoitar@gmail.com
☎ 619 637 211





2. As canteiras de Moaña e a construción da paisaxe urbana en Galicia

MOAÑA, PONTEVEDRA
4 de agosto 10:30

📍 PUNTO DE ENCONTRO

praia do Cocho. Non hai unha zona de aparcadoiro específica, pero pódese estacionar na baixada pola estrada da Guía e outras rúas próximas. **Como chegar:** coller a PO-551 Domaio, Moaña, Cangas e, entre o km 28-29, tomar o desvío sinalado

para a zona industrial O Choco ou o CEIP A Guía.

<https://goo.gl/maps/DM3uXRNzDtoG436w8>

🔍 Q Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

Abordaremos un tramo do litoral onde a paisaxe rural e industrial configuran un modelo urbanístico, tanto da identidade do lugar como doutras partes da propia ría de Vigo. Falaremos das pedras de Moaña coas que se contruíron moitos dos peiraos contemporáneos e, ademais, abordaremos o desenvolvemento dos estaleiros de Galicia.

📌 MONUMENTA DIVULGA

Desde o litoral de Moaña, Monumenta asume o reto de explicar a construción da paisaxe urbana de Galicia. Para alcanzar esta meta, non só falaremos do patrimonio industrial, senon que tamén trataremos o urbanismo e a arquitectura doméstica na vivenda galega.

🔊 MONUMENTA ESCOITA

Tanxedoras son unha agrupación que, a forza de percorrer Galicia, coñece os mil xeitos de sentir a música tradicional. No seu último disco, *1952. Homenaxe a Alan Lomax*, recuperan as cancións que o musicólogo realizou durante a súa viaxe por Galicia.

🍷 MONUMENTA DEGUSTA

A cooperativa A MeixoEira elabora catro tipos diferentes



de queixo, todos con leite cru de cabra. O queixo curado, polo que foi premiada cunha medalla mundial de prata, será unha das estrelas da súa presentación.

CAMIÑANTES CONVIDADOS

Iria Sobrino, arquitecta, experta en galpóns de Galicia e investigadora da paisaxe industrial.

Xoán Carmona, catedrático de institucións económicas da USC e investigador da historia marítima e empresarial de Galicia.

Tamara Táboa Campos, investigadora e autora de *As canteiras do litoral de Moaña*



A ANDAINA

Hora de saída: 10:30

**Hora de regreso
estimada:** 14:00

Distancia: 4 km.

Dificultade: baixa.

Itinerario: sairemos da praia do Cocho e iremos percorrendo as sucesivas canteiras e estaleiros ata a praia da Borna, camiñando en paralelo á costa.

Observacións: ida e volta desde a praia do Cocho ata a praia da Borna, paseando por estradas asfaltadas sen beirarrúas e con pouco tráfico.

Necesidades específicas: calzado cómodo, protector solar, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

Público destinatario: actividade axeitada para todos os públicos.

Inscripción previa: prazas limitadas a 80 persoas.

Imprescindible inscrición, do 15 de xullo ao 2 de agosto, no web: <http://monumentagalicia.com>.

Admisión por orde de inscrición.

✉ julio.escoitar@gmail.com

☎ 619 637 211





3. Música no Camiño de Santiago e música para camiñar

SOBER, LUGO

10 de agosto 10:30

📍 PUNTO DE ENCONTRO

Aparcadoiro do santuario Nosa Señora das Cadeiras.

Como chegar: desde a N-120 Vigo-Logroño, tomar o desvío a Sober no km 530/531. Desde este concello, ir pola LU-P-5903, que une Sober con Doade, e saír na primeira indicación cara ao santuario de Cadeiras.

<https://goo.gl/maps/8Lts8ZzfcfwHUnMw5>

Q Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

Monumenta é andar con arte e, tamén, camiñar con música. Visitamos outro lugar de culto, que se remonta ata a época antiga. A andaina arranca no castro das Medorras, a primeira etapa dunha viaxe por miradoiros, penedos máxicos, o Camiño da Virxe, a igrexa románica de San Vicente de Pinol e o santuario barroco da Nosa Señora das Cadeiras.

🔦 MONUMENTA DIVULGA

Andar con música, traballar con música, rezar con música. A música durante o camiño é tan antiga como a propia peregrinación. A súa temática foi diversa e incluso chegaron a editarse libros con cancións moi variadas sobre a dimensión espiritual da viaxe; cantos de itinerario, con información sobre o camiño, e outro tipo de narracións dirixidas a celebrar o fervor relixioso.

🔊 MONUMENTA ESCOITA

A agrupación musical O Tricole creouse en 1997, no eido da recuperación do patrimonio inmaterial. O Tricole ten publicados libríños de escolmas de lendas, contos e outras tradicións orais de Sober, en colaboración coa asociación O Colado do Vento, tamén de Sober.

MONUMENTA DEGUSTA

A rosca de Sober é un pan doce, con forma de rosca, que se fai con masa de pan, ovos, azucre e azafrán. Pódese tomar como entrante ou como sobremesa —pero sempre acompañada de queixo—, para o almorzo ou como simple larpeirada.

CAMIÑANTES CONVIDADOS

Saleta López Vázquez, historiadora da arte especializada en xestión do patrimonio cultural.
Xurxo Souto, músico, investigador e escritor.



A ANDAINA

Hora de saída: 10:30

Hora de regreso

estimada: 14:30

Distancia: 4 km.

Dificultade: baixa.

Itinerario: a primeira parada será na contorna de Cadeiras para visitarmos o castro, o miradoiro e os penedos. A continuación, iniciaremos a viaxe ata Pinol, percorrendo o tradicional camiño da Virxe. De volta, remataremos a andaina coa visita ao santuario de Cadeiras.

Observacións: é unha andaina de ida e volta por diferentes sendeiros e estradas con pouco tráfico. Hai algúns tramos por zonas abertas, sen sombra, e chan

irregular de pedra e terra.

Necesidades específicas:

calzado cómodo, protector solar, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

Público destinatario: actividade axeitada para todos os públicos.

Inscrición previa: prazas limitadas a 80 persoas.

Imprescindible inscrición, do 26 de xullo ao 9 de agosto, no web:

<http://monumentagalicia.com>.

Admisión por orde de inscrición.

✉ julio.escoitar@gmail.com
☎ 619 637 211





4.º mosteiro de Oia e a historia do clima no Camiño Portugués da Costa

OIA, PONTEVEDRA
11 de agosto 10:30

9 PUNTO DE ENCONTRO

No campo da festa do mosteiro de Oia. A zona de aparcamento é ampla. **Como chegar:** coller a PO-532 Baiona - A Guarda e, á altura do km 34, tomar o desvío indicado para o mosteiro de Oia.

<https://goo.gl/maps/FJn4ukfoaZKHqEeV7>

Q Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

Existe o patrimonio xeomorfolóxico? Por suposto que si, e nesta andaina falaremos del e da súa relación coa arqueoloxía, polo que poderemos facernos unha idea da historia do clima e, por tanto, do cambio climático. Trátase dun tramo da costa que conta con numerosas testemuñas do pasado, como os depósitos sedimentarios antigos na beiramar, as saíñas romanas, os topónimos referentes a actividades mariñeiras xa desaparecidas e, por suposto, o mosteiro de Oia, que na súa evolución histórica sufriu vaivéns relacionados con crises ambientais e climáticas; por exemplo, o maremoto derivado do terremoto de Lisboa.

✚ MONUMENTA DIVULGA

Nesta fermosa andaina, comprobaremos como o patrimonio é un ecosistema, ás veces invisible, que debemos aprender a sentir. Pasearemos por 3 km do Camiño Portugués, onde se escoita un dos grandes tesouros da paisaxe sonora de Galicia, debido á forza das ondas do océano Atlántico: o mesmo culpable da estrela gastronómica da zona, o percebe de Oia.

🔊 MONUMENTA ESCOITA

Faia Díaz Novo, membro de De Vacas, o coro Encaixe ou Apatacón, estréase en solitario coa colaboración de Hevi,

músico urbano coñecido por Fluzo e Malandrómeda. *Ao cabo leirín* é o título do seu primeiro disco, un traballo moi especial onde cantigas e músicas populares foron interpretadas e gravadas entre ambientes sonoros en vivo.

MONUMENTA DEGUSTA

«Auga a ferver, percebes botar; auga a ferver, percebes sacar». Faremos unha pequena introdución a este crustáceo e ao seu sucedáneo vexetal, o codium.

CAMIÑANTES CONVIDADOS

Juan López Bedoya, xeógrafo físico e divulgador científico.

Xoán Lois Vila,
percebeiro de Oia.

Xoán Martínez, coordinador da visita guiada ao mosteiro de Oia.



A ANDAINA

Hora de saída: 10:30

Hora de regreso

estimada: 14:30

Distancia: 6 km.

Dificultade: baixa.

Itinerario: na primeira parte da actividade, realizaremos o tramo do Camiño Portugués, e despois, visitaremos o mosteiro de Oia.

Observacións: camiño rural agás un tramo de poucos metros pola beirarrúa da PO-532. Non hai zonas de sombra.

Necesidades específicas:

calzado cómodo, protector solar, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

Público destinatario: actividade axeitada para todos os públicos.

Inscrición previa: prazas limitadas a 80 persoas.

Imprescindible inscrición, do 26 de xullo ao 9 de agosto, no web: <http://monumentagalicia.com>. Admisión por orde de inscrición.

 julio.escoitar@gmail.com

 619 637 211





5. Sargadelos e o Laboratorio de Formas de Galicia

**SARGADELOS,
CERVO, LUGO**
14 de agosto 11:00

9 PUNTO DE ENCONTRO

Conxunto histórico artístico de Sargadelos. **Como chegar:** desde a avenida de Lugo, N-642, tomar o desvío a Cervo e, a continuación, a estrada LU-P-1505 de Sargadelos ata o km 2.

<https://goo.gl/maps/dBLgbnKwyDeaThGF6>

Q Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

En Sargadelos atópanse os restos do primeiro gran complexo

industrial de Galicia. En 1794, Antonio Raimundo Ibáñez pon en marcha unha siderurxia e, pouco máis tarde, a Real Fábrica de Louza, que se mantén en funcionamento ata 1875. Case un século despois, o Laboratorio de Formas de Galicia, institución fundada en 1963 en Arxentina por Díaz Pardo e Luis Seoane, restaura a produción industrial de louza en Sargadelos.

🔗 MONUMENTA DIVULGA

Partindo da unión dos conceptos de arte e industria, e tomando de referencia experiencias como a Bauhaus, o Laboratorio de Formas dará lugar á refundación da fábrica de cerámica de Sargadelos e á creación do Museo de Arte Contemporáneo Carlos Maside, do Instituto Galego de Información, das Edicións do Castro, do Laboratorio Xeolóxico de Laxe e do Seminario de Sargadelos.

🔊 MONUMENTA ESCOITA

Vudú son Belém Tajés (voces e teclado) e Maritxinha (baixo e loops). No ano 2016, o dúo faise co premio á mellor canción en galego por «Eu son VooDoo» no certame Música Xove e, o ano seguinte, acada o Premio Martín Códax da Música Galega na categoría *soul*. O fío da súa música pasa pola recuperación do cancionero tradicional adaptándoo ás sonoridades urbanas.

MONUMENTA DEGUSTA

O concello de Cervo é a capital galega do ourizo, especialmente desde que en 1992 naceu, na parroquia de San Cibrao, unha festa gastronómica para dar a coñecer este produto.

CAMIÑANTES CONVIDADOS

Vicente Caramés Moreira,
arqueólogo e director do
Museo do Mar de Galicia.

Isaac Pérez Vicente, artista
plástico contemporáneo
e deseñador dunha
das súas vaixelas.

Iria Vázquez, artista
multidisciplinar,
investigadora e docente.

A ANDAINA

Hora de saída: 11:00

Hora de regreso

estimada: 14:30

Distancia: 3 km.

Dificultade: baixa.

Itinerario: desde o punto de
encontro, camiñaremos ata a
fábrica de Sargadelos, onde
faremos unha visita guiada.
A continuación, visitaremos
a parroquia de Sargadelos e
remataremos a andaina no
Museo Histórico de Sargadelos.

Observacións: é unha andaina
de ida e volta por estradas
asfaltadas con pouco tráfico,
se ben o tramo principal,
entre o conxunto histórico e a
fábrica de Sargadelos, non ten
beirarrúas e concentra máis
tráfico. Durante o percorrido,
apenas hai zonas con sombra.

Necesidades específicas:

calzado cómodo, protector solar,
chapeu, impermeable (por se
chove), auga e un petisco.

Público destinatario: actividade
axeitada para todos os públicos.

Inscripción previa: prazas
limitadas a 80 persoas.

Imprescindible inscrición, do 1
de agosto ao 13 de agosto, no web:
<http://monumentagalicia.com>.
Admisión por orde de inscrición.

✉ julio.escoitar@gmail.com

☎ 619 637 211





6. Padrón, un xardín literario

PADRÓN, A CORUÑA
24 de agosto 10:00

📍 PUNTO DE ENCONTRO

Xardín botánico de Padrón. Hai varias zonas de aparcamento na parte traseira do xardín.

Como chegar: pola N-550 Santiago-Padrón, o xardín está na rúa Franco Salgado Araujo, 13, 15900 Padrón, A Coruña.

<https://goo.gl/maps/oaGotHXPjDMZpxAL9>

Q Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

Na vila de Padrón daremos un paseo para divulgar dous patrimonios singulares: a lingua escrita na literatura de poetas e escritores como

Macías o Namorado, Rosalía de Castro e Camilo José Cela; e o patrimonio natural cultivado nos xardíns onde se atopan árbores senlleiras, testemuñas mudas da vida que se desenvolve na súa contorna e onde puideron atopar inspiración os nosos autores e autoras.

🏛️ MONUMENTA DIVULGA

Nun reducido territorio concéntranse numerosos elementos patrimoniais, espazos que entran e saen das obras de Rosalía e Cela. O xardín botánico de Padrón é un dos máis antigos de España e foi declarado Monumento Artístico Nacional en 1946; a Casa da Matanza de Rosalía de Castro foi convertida en casa museo en 1972; a Fundación Camilo José Cela ocupa as antigas casas dos Coéngos (s. XVIII) e alberga o legado do premio Nobel de Literatura de 1989. Iria Flavia foi desde a máis remota antigüidade un foco irradiador de cultura. Á súa beira está o cemiterio de Adina.

🍷 MONUMENTA DEGUSTA

A Pementeira é unha sociedade agrícola de transformación dedicada á produción o envasado e a comercialización do pemento de Herbón, fundada por 23 agricultores/as e que cumpre cos requisitos establecidos polo Consello Regulador da D. O. Pementos de Herbón.



CAMIÑANTES CONVIDADOS

Angel Cerviño, comisario
de arte contemporáneo.

David Fernández Abella,
arqueólogo especialista
en historia medieval,
romana e subacuática.

Gaspar Bernárdez, enxeñeiro
forestal e paisaxista. Colabora
co Catálogo de Árbores
Senlleiras de
Galicia.



A ANDAINA

Hora de saída: 10.00

Hora de regreso

estimada: 14:00

Distancia: 3 km.

Dificultade: baixa.

Itinerario: presentación e
visita polo xardín botánico
de Padrón. A continuación,
pararemos no segundo xardín
da andaina, neste caso na Casa
Museo de Rosalía de Castro.
Desde aquí, seguiremos ata a
Fundación Camilo José Cela, e
remataremos a andaina na igrexa
de Santa María de Iria Flavia.

Observacións: é unha andaina
moi curta, de ida e volta, por
estradas asfaltadas. Faremos
catro paradas, e durante o
percorrido apenas hai zonas con
sombra. A actividade rematará
no Museo Camilo José Cela,
situada a menos dun quilómetro
do punto de encontro.

Necesidades específicas:
calzado cómodo, protector solar,
chapeu, impermeable (por se
chove), auga e un petisco.

Entradas aos museos:

2 euros por persoa.

Público destinatario: actividade
aceitada para todos os públicos.

Inscrición previa: prazas
limitadas a 80 persoas.

Imprescindible inscrición,
do 9 de agosto ao 23 de
agosto, no web: <http://monumentagalicia.com>.

Admisión por orde de inscrición.

✉ julio.escoitar@gmail.com

☎ 619 637 211



7. Castro Caldelas, paseo pola capital da lingua galega escrita

CASTRO CALDELAS,
OURENSE
25 de agosto 10:30

📍 PUNTO DE ENCONTRO

No xardín do santuario dos Remedios. Hai diferentes zonas de aparcamento nas proximidades da praza do Prado.

Como chegar: pola OU-536 Ourense-Castro Caldelas.

<https://goo.gl/maps/kWcgVeVG4hUMbDSS6>

Q Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

Castro Caldelas está situada nun outeiro que domina a ribeira do río Edo. O seu casco antigo foi declarado Conxunto Histórico-Artístico en 1998. No punto máis alto sitúase o castelo construído por orde de Pedro Fernández de Castro, VII Conde de Lemos, no segundo terzo do século XIV.

📖 MONUMENTA DIVULGA

O Foro do bo burgo de Castro Caldelas é un documento absolutamente singular por ser o máis antigo escrito en galego que se coñece entre os producidos en Galicia. Con este documento, Alfonso IX de León outórgalles aos cidadáns da vila de Castro Caldelas os seus foros e regula o seu réxime. Foi entregado en Allariz, en abril de 1228. Tamén é un documento solemne e o único exemplo de privilexio real en galego de toda a nosa historia.

🍷 MONUMENTA DEGUSTA

A orixe da bica ten diferentes teorías. Calcúlase que a receita ten preto de 200 anos e que as primeiras bicas naceron das receitas e da sabedoría dos monxes da Ribeira Sacra, aínda que outras investigacións indican que este doce era elaborado pola xente da comarca como agasallo para o Conde de Lemos.



CAMIÑANTES CONVIDADOS

Rebeca Blanco Rotea, licenciada en Xeografía e Historia e doutora en Arqueoloxía pola Universidade do País Vasco en 2015.

Fran Alonso Toucido, arqueólogo, investigador e historiador.

María Abuín Fernández, guía e cofundadora da empresa Máis que Románico, especializada en andainas pola Ribeira Sacra.



A ANDAINA

Hora de saída: 10:30

**Hora de regreso
estimada:** 14:30

Distancia: 6 km.

Dificultade: media.

Itinerario: presentación da andaina no xardín da igrexa e, a continuación, descenso cara ao río Edo para iniciar un tramo da ruta dos muíños. Á volta, remataremos a andaina no castelo de Castro Caldelas cunha visita guiada.

Observacións: andaina de ida e volta por sendeiros e camiños que, por tramos, poden presentar charcos e regatos de auga, dependendo da climatoloxía. É unha andaina sinxela, con desniveis e un relevo irregular, polo que, á volta, hai que afrontar algunha subida.

Necesidades específicas: calzado cómodo, protector solar, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

Público destinatario: actividade axeitada para todos os públicos sen problemas de mobilidade.

Inscripción previa: prazas limitadas a 80 persoas. Imprescindible inscrición, do 9 de agosto ao 23 de agosto, no web: <http://monumentagalicia.com>. Admisión por orde de inscrición.

✉ julio.escoitar@gmail.com

☎ 619 637 211



B. Santa Cristina de Ribas de Sil e o concepto da viaxe na literatura e no cinema

**PARADA DE SIL,
OURENSE**
31 de agosto 10:30

9 PUNTO DE ENCONTRO

Entre o concello e o campo da feira de Parada de Sil.

Como chegar: pola OU-536 Ourense-Castro Caldelas, en Vilariño Frío, tomar o desvío para OU-0604, á altura do km 34/35, e conducir 9 km máis.
<https://goo.gl/maps/PZDtxhaTf6SyUTuK6>

Q Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

Un dos grandes obxectivos de *Monumenta*, andar con arte é aprender a camiñar. Programamos actividades para reflexionar sobre o coñecemento transversal da nosa historia, e onde as ciencias e as humanidades, o patrimonio material e o inmaterial, forman un conxunto indivisible. Con esta andaina, abordaremos unha nova etapa coa cal nos adentraremos na acción e no pensamento dos viaxeiros.

🔦 MONUMENTA DIVULGA

Descubrinto o patrimonio material e inmaterial da Ribeira Sacra, o paseo permitiranos falar do propio concepto do camiñar e da viaxe. Recuperaremos textos de escritores que reflexionaron sobre esta acción que, na actualidade, son un referente na historia do camiñar.

🎧 MONUMENTA ESCOITA

Dous, o dúo formado polo clarinetista Fernando Abreu e o guitarrista Pablo Carrera, porá a banda sonora da andaina presentándonos algunhas das cancións do seu máis recente disco *A Viaxe de Yoyo*, un pequeno percorrido polas músicas do mundo.

🍷 MONUMENTA DEGUSTA

En Parada de Sil celébrase a festa da Pisa da Castaña, unha tradición que estaba en perigo de desaparición. Consiste na

preparación de castañas secas, para o que hai que eliminar a pel a través dun sistema de cribado laborioso e artesanal.

CAMIÑANTES CONVIDADOS

Javier Trigales, xestor cultural, guionista e profesor de realización audiovisual.

María Abuín Fernández, guía e cofundadora da empresa Máis que Románico, especializada en andainas pola Ribeira Sacra.



A ANDAINA

Hora de saída: 10:30

Hora de regreso

estimada: 14:30

Distancia: 6 km.

Dificultade: baixa.

Itinerario: realizaremos unha parte da ruta PR-G 98. Saíremos do concello de Parada de Sil e, desde alí, descenderemos cara ao mosteiro de Santa Cristina.

Observacións: a andaina pasará por diferentes etapas, algunhas zonas sen sombra e camiños

irregulares con pequenos tramos de pendente. Desde o mosteiro, a volta á vila será en autobús.

**Transporte + entrada
ao mosteiro:** 3 Euros.

Necesidades específicas: calzado cómodo, protector solar, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

Público destinatario: actividade axeitada para todos os públicos.

Inscripción previa: prazas limitadas a 80 persoas.

Imprescindible inscrición, do 16 de agosto ao 30 de agosto, no web: <http://monumentagalicia.com>.

Admisión por orde de inscrición.

✉ julio.escoitar@gmail.com

☎ 619 637 211





Xacobeo 2021

galicia



XUNTA
DE GALICIA